

SILS MARIA

[Olivier Assayas, 2014]

25

ESTREA EN NUMAX 17.06.2015 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Clouds of Sils Maria, 2014, 123'

Dirección e guión: Olivier Assayas

Reparto: Juliette Binoche, Kristen Stewart, Chloë Grace Moretz, Johnny Flynn, Lars Eidinger, Hanns Zischler, Claire Tran, Angela Winkler, Frank M. Ahearn, Alister Mazzotti, Steffen Mennekes

Montaxe: Marion Monnier

Dirección de arte: Gabriella Ausonio

Vestiario: Jürgen Doering

Son: Daniel Sobrino

Música: Johann Pachelbel, Kowalski

Fotografía: Yorick Le Saux

Produtora: CG Cinéma (Francia), Pallas Film (Alemaña), CAB Productions (Suíza), Vortex Sutra (Francia), Arte France Cinéma (Francia), ZDF/Arte (Alemaña), Orange Studio (Francia), Radio Télévision Suisse (Suíza), SRD SSR idée suisse (Suíza)

Distribuidora: Vértice 360

Estrea en España: 12.06.2014

Formato de proxección: DCP 2K, 2,39:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Après Mai, 2012

Cinéma, de notre temps - Hou Hsiao-Sien, 1997

Irma Vep, 1996

«Tan intenso coma os estudos psicolóxicos de Bergman e as conspiracións dramáticas de Rivette, avanza porén con precisión decidida, presenta moi claramente as súas ideas e deixa as súas excelentes actrices moverse con liberdade e articular a posta en escena»

Daniel Kasman, MUBI

SINOPSE

Con dezaoito anos, Maria Enders (Juliette Binoche) fíxose famosa interpretando no teatro Sigrid, unha moza ambiciosa e encantadora que provoca o suicidio dunha muller madura, Helena. Vinte anos máis tarde, no cume da súa carreira profesional, ofrécenlle interpretar a peza de novo, desta volta encarnando Helena...



Neil McGlone entrevista Olivier Assayas

O personaxe do director Wilhelm Melchior interprétano moitos como unha homenaxe tanto a Ingmar Bergman como a Fassbinder, e o propio filme dá para pensar en *Persona* [1966] e *As amargas bágoas de Petra von Kant* [1972]. Os dous filmes me inspiraron fortemente (...) Este filme non xorde a partir dunha historia, senón dunha actriz. Máis semellante a Juliette chamándome ao teléfono: «Por que non facemos un filme? Un filme xuntos no que por fin eu sexa a protagonista?» Así que fago un filme ao redor de Juliette, *sobre* Juliette e non *con* Juliette. Faise maior, a súa carreira abanea. Que pode construír ao seu redor? Aparece obviamente unha lóxica moi automática que di: «Por que non facer un filme sobre unha actriz que está a traballar coa súa asistente no seu vindeiro proxecto?». E aí entramos no terreo de *Persona*. *Persona* é un dos meus filmes favoritos de todos os tempos. De que vai? Pois ben, son dúas mulleres cunha relación ambigua - e aí *As amargas bágoas de Petra von Kant* de Fassbinder. Aconteceu isto mesmo xa aos 15 minutos de colgarlle o teléfono a Juliette. De todo o demais non estaba seguro.

O que ten interese é que o proceso de escrita do filme durou moito tempo. Quero dicir que malia parecer todo moi doado, non tiña nin idea de cara a onde ir. Funo escribindo en capas; comecei collendo notas, funas deixando esquecidas e aos seis meses volvin a elas. Non o tia moi claro, non daba co final. Non foi tanto que me levara moito escribilo como que o difícil foi extraerlle o sentido a elementos tan dispares. É moi frecuente ter elementos que non teñen que ver e que non hai maneira de que collan sentido xuntándoos. Mais neste caso estaban por aí espaxados —tiña as paisaxes e o filme en branco e negro [*O fenómeno das nubes en Maloja*, de Arnold Fanck], tiña Juliette, tiña a internet, tiña *Persona* e *Petra von Kant*— e había un fio que o unía todo.

A paisaxe semella outra personaxe no filme, intemporal, ao contrario das personalidades tan cambiantes do resto de personaxes. É unha paisaxe moi específica, non tan intemporal. Poderíame ter fixado en calquera paisaxe de carta postal, calquera de beleza xenérica, mais esta que escollín é unha moi determinada, habitada por poetas, pintores, filósofos —Nietzsche e os filmes alpinos de Arnold Fanck e Leni Riefenstahl. Non é neutral. E tamén por forzas estrañas e ambiguas; non é só unha paisaxe campesina apacíbel. E posúe este misterioso fenómeno meteorolóxico, que pode ser benigno ou fatal segundo como olles para el. Así que a paisaxe é unha personaxe importante e fai parte destas capas de historia das que falaba antes.

Tirado de «Age of Uncertainty», *Sight&Sound* vol. 25 issue 6, June 2015. Tradución do inglés orixinal de Ramiro Ledo Cordeiro.

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org
